

Existen dous tipos de actuacións para atender a alumnos con enfermidades crónicas, según a natureza da enfermidade :

*Plan de Alerta Escolar

*Plan de Atención Individualizado

PLAN DE ALERTA ESCOLAR

Definición:

Alerta Escolar é un conxunto organizado de accións administrativas, informativas e operativas que pretende achegar unha **atención sanitaria inmediata** e eficaz a todos os **nenos escolarizados de entre 0-16 anos**, que padecen patoloxías crónicas susceptibles de descompensación con compromiso vital:

- **Crises alérxicas** (anafilaxia) por exposición a alérxenos normalmente alimentarios.
- **Crises comiciais** (epilepsia nas súas diferentes formas).
- **Crises diabéticas** (en xeral, hipoglucemias).

Obxectivo:

Alerta Escolar pretende a coordinación entre o profesorado (facendo que sexa capaz de recoñecer a emerxencia médica provocada por un cadro agudo das patoloxías descritas, e de prestar unha primeira atención mentres chegan os recursos adecuados), e a Central de Coordinación de Urxencias Sanitarias de Galicia-061.

Máis información na [páxina web do 061](#)

[Formulario de inscrición](#)

PLAN DE ATENCIÓN INDIVIDUALIZADO

Todo **o alumnado con enfermidade crónica** que precise apoio educativo no centro, contará cun plan de atención individualizado integrado por:

- **Ficha con fotografía, protocolo de emerxencia** (sinais de alarma e actuación) e **teléfonos de referencia**, visible a disposición de toda a comunidade educativa (profesorado e persoal de administración e servizos)

- **Autorizacións da familia** (modelo como Anexo).
- **Informe médico e pautas correspondentes**, aportado pola familia. Os datos que poidan ser necesarios nunha actuación de urxencia trasladaranse á ficha do alumnado referida.